

- O uso das TIC enfocárase na visita de páxinas específicas de Internet relacionadas coas tecnoloxías (animacións, exercicios, páxinas web de aplicacións, etc).
- Usarase a calculadora (en 4º e 3º e, excepcionalmente, en 2º) como apoio tecnolóxico necesario para o desenvolvemento dos cálculos, aprendendo o manexo daquelas funcións máis habituais.
- DVD interactivos.
- Utilizarase tamén a aula de informática na procura de información de diversa índole, especialmente durante a realización de traballos.
- Proxectaranse algúns documentais ou películas interesantes, sempre que estean adaptados á formación dos alumnos e entronquen coa materia dada na aula. Tratarase de reflexionar, a partir destas proxeccións, sobre temas transversais da ciencia.
- Ferramentas da aula taller, que será preciso manipular para a elaboración dos distintos proxectos que vaian aparecendo ó longo do curso. O tipo e número de experiencias dependerá do tempo dispoñible e da actitude da clase.

Cada ano e segundo as posibilidades económicas do centro, faise unha adquisición de material para a aula de tecnoloxía.

9.Procedementos de avaliación

Avaliación ordinaria

Levarase a cabo unha avaliación inicial ao principio de curso, na que se lle preguntarán contidos mínimos dados o curso anterior. En segundo da ESO farase unha batería de preguntas na que se comprobará a idea xeral que ten o alumno sobre a tecnoloxía.

O curso estará dividido en tres avaliacións, dentro das cales quedarán insertas a avaliación formativa (que seguirá o proceso de aprendizaxe) e a sumativa (que determinará os resultados ó final de dito proceso), cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. Finalmente, haberá unha convocatoria ordinaria no mes de xuño e outra extraordinaria en setembro.

A forma habitual de avaliar será mediante probas escritas (ou, eventualmente, orais) nas que se fará fincapé nos contidos mínimos esixibles para o alumno. Terase en conta, tamén, a comprensión lectora e a corrección na escrita, a coherencia do expresado e a presentación do exame. Se ben o proceso de avaliación é sempre subxectivo, tratarase de que a cualificación reflicta da forma máis clara posible os coñecementos e a actitude do alumno fronte á materia.

Outro instrumento de avaliación será a observación e valoración da actitude diaria do alumno(traballo, participación en clase, etc.)

Faranse, así mesmo, exames de *recuperación de* cada avaliación suspensa ou ben antes de rematar esta ou ben despois, dependendo da dispoñibilidade temporal. En caso de que o alumno aprobe, quedará recuperada a avaliación correspondente.

No mes de xuño o alumno só se examinará das avaliacións suspensas. A cualificación sairá da media ponderada entre a nota do exame e as das avaliacións aprobadas. O alumno que fose avaliado negativamente na proba ordinaria de xuño realizará un exame de todo o estudado durante o curso na proba extraordinaria de setembro.

A perda do dereito á avaliación continua aplicarase a alumnos cuxo absentismo iguale ou supere o 30% do horario lectivo da materia na avaliación. Os alumnos terán dereito a presentarse ós exames finais.

9.2 Avaliación extraordinaria.

Como xa se comentou no anterior apartado, farase unha convocatoria extraordinaria no mes de setembro, de toda a materia impartida durante o curso. Neste exame reduciranse contidos, indicando previamente ós alumnos do máis importante que se deu durante o curso.

10. Criterios de cualificación

Materias	Criterios de cualificación	Peso	Observacións
Tecnoloxías 2º e 3º ESO	Nota media dos exames, tendo en conta que na nota final de cada exame se valorarán os coñecementos conceptuais dos alumnos, así coma as súas destrezas. Debido á redución de contidos nos exames de xuño e setembro, a cualificación máxima destes será de 6.	60%	Non se fará media con exames cuxa nota sexa inferior a 3. Terase en conta a limpeza, claridade e presentación, podéndose restar puntos cando estes aspectos sexan descoidados habitualmente.
	Preguntas orais en clase. Asistencia e actitude en clase (puntualidade, esforzo, atención, participación, etc.) Revisión de cadernos. Realización das tarefas de casa. Realización de traballos e exercicios (tendo en conta, nestes, a presentación, puntualidade na entrega, corrección na expresión, etc). Traballos na aula taller.	40%	Será requisito indispensable para aprobar presentar unha caderno con todos os exercicios que se vaian desenvolvendo durante o curso. Este 30% non computará se hai faltas habituais de disciplina na clase, das que se informará ós pais ou titores legais mediante un parte de incidencias que o alumno deberá traer asinado.

Aspectos a ter en conta:

-As faltas habituais de puntualidade ou o absentismo poderán supoñer unha cualificación negativa na materia.

-O abandono da materia por parte do alumno será considerado razón suficiente para una cualificación negativa. Será preceptivo falar co titor e informar ós pais.

-En caso de dúbida nas cualificacións de xuño ou setembro (especialmente se afecta á promoción ou á titulación) terase en conta o historial do alumno durante o curso.

O redondeo para cualificacións decimais farase como segue:

	Avaliación / Recuperación da avaliación	Xuño/Setembro/Cursos anteriores
Cifra decimal < 7	Nº enteiro anterior	Nº enteiro anterior
Cifra decimal ≥ 7	Redondeo á alza a consideración do profesor segundo o merecemento do alumno, especialmente no que á actitude diaria se refire (incluído o caso de cualificacións no rango de 4 a 5)	Redondeo á baixa, salvo no rango de cualificación de 4 a 5, que se fará á alza en xeral, agás no caso de alumnos cunha actitude moi negativa durante o curso.

11. Programa de recuperación.

Materia durante o curso.

Para recuperar cada trimestre, farase unha recuperación , ou ben durante ese trimestre ou ben na avaliación seguinte, dependendo do tempo dispoñible.

Na terceira avaliación , faranse antes dos exames finais de xuño.

Materias pendentes doutros cursos

Os criterios para a recuperación de pendentes de cursos anteriores son os seguintes:

Materia pendente	Criterios de cualificación
Tecnoloxías 2º E.S.O.	<p>O alumno recuperará a materia se entrega un boletín de exercicios (puntualmente, ben presentados e ben feitos) despois de Nadal e supera unha pequena e sinxela proba.</p> <p>Se o alumno non entrega o boletín de exercicios correctamente realizado deberá superar o exame correspondente, diferente á proba anteriormente mencionada.</p>

Cualificación máxima: 6 puntos

Tecnoloxías 3º E.S.O.

Os exercicios de repaso que o alumno deberá entregar (puntualmente, ben presentados e ben feitos) no curso de 3º valerán un máximo de 3 puntos. O alumno deberá realizar un exame para completar a nota ata o aprobado.

Cualificación máxima: 6 puntos

A avaliación de materias pendentes de cursos anteriores terá lugar nos meses de febreiro, maio e setembro. Estas probas estarán baseadas nos mínimos esixibles para o curso correspondente e cos estándares de aprendizaxe expostos nos anexos II e III. Seguirá as normas de redondeo especificadas no apartado 8. De calquera xeito, terase en conta cada caso en particular na xunta de avaliación.

O alumno superará a materia se a media das cualificacións das avaliacións é un aprobado. En caso contrario terá que presentarse á convocatoria ordinaria de xuño e examinarse das avaliacións suspensas.

Como xa se indicou no apartado 9, faranse, así mesmo, exames de recuperación de cada avaliación suspensa ou ben antes de rematar esta ou ben despois, dependendo da dispoñibilidade temporal. En caso de que o alumno aprobe, quedará recuperada a avaliación correspondente.

13. Educación en valores.

A educación en valores, que debe partir da familia, é unha materia transversal cuxa aplicación resulta especialmente útil na E.S.O. , xa que esta é unha etapa chea de conflitos tanto persoais como interpersoais. En xeral, no ensino da materia inténtanse comentar feitos históricos que permiten entender os distintos puntos de vista que sobre moitos asuntos houbo ó longo dos séculos e como se solucionaron, de forma non sempre exemplar. O propio alumno debe aprender a relativizar a súa visión do mundo e ser quen de entender, sen xustificar, moitas das actitudes propias de séculos pasados e que hoxe resultarían inconcebibles. No tempo de convivencia no centro non é raro que aparezan enfrontamentos e friccións que deben dar pé a unha resolución exemplarizante. Os alumnos deben tamén aprender o valor do traballo e a responsabilidade, tan en decadencia na sociedade e na propia educación.

Como puntos a destacar nesta educación en valores, están:

- Aprender a ser responsable e autónomo, como parte da aprendizaxe na vida, asumindo as consecuencias das nosas accións e adquirindo capacidade de mellorar por nós mesmos.
- Aprender a ser respectuoso co que nos rodea, tanto o propio entorno físico como as persoas, resolvendo os conflitos de forma dialogada e desenvolvendo condutas cívicas no centro e fóra del.
- Aprender a coñecerse e controlar as nosas emocións cando isto sexa necesario, valorando tamén os dereitos dos outros e a aceptación de normas de convivencia comúns.

14- Fomento da lectura